

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES PARA A REALIZACIÓN DE DOUS PROXECTOS RELACIONADOS CO XACOBEO 2021.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Real Academia Galega de Belas Artes o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Academia Galega de Belas Artes para a realización de dous proxectos relacionados co Xacobeo 2021:

- Ciclo de conferencias e debates en 10 cidades galegas, seguidas de coloquios, impartidas por académicos de número, sobre cuestións relacionadas co patrimonio e a cultura galegos, vencellados a importancia que eles teñen no Camiño de Santiago.
- Mostra con obras de artistas académicos en 10 cidades galegas. Esta exposición reunirá a obra dunha ducia de artistas, todos eles académicos integrados en diferentes seccións. A cada un deles pediráselle que fagan 2 obras, en formato entre 50x50 e 120x120 cm, horizontal ou vertical, sobre o soporte que queiran, cun motivo vencellado co Camiño de Santiago baixo calquera interpretación.

A partir das obras prepararanse unhas edicións gráficas, asinadas polos artistas. Enmarcadas con listón de madeira e cristal de protección, serán amosadas nas salas de exposicións de 10 cidades galegas vinculadas co Camiño de Santiago.

Coas obras editadas prepararanse 60 carpetas, contendo cada unha a totalidade das obras expostas, de modo ca mostra poida formularse como itinerante ou realizarse en distintas exposicións de forma conxunta. En cada inauguración, estarán presentes ao menos un dos responsables da mostra e un dos artistas.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Real Academia de Belas Artes é unha entidade de interese galego, de carácter cultural e sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins a salvagarda e promoción das artes e por conseguinte do patrimonio cultural galego, para o que organiza exposicións, cursos, talleres, conferencias para divulgar a nosa arte dentro e fora de Galicia.

O artigo 1 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 34/2018, do 1 de marzo, dispón que “a Real Academia Galega de Belas Artes é unha corporación oficial que, baixo o alto padroado de Súa Maxestade o Rei, ten como finalidade actuar como institución consultiva da Administración estatal e autonómica en todo o relativo á protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras dos bens culturais, segundo o previsto nos artigos 3.2 da Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, e 7.3 a) da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, así como promover e realizar estudos de investigación para o fomento e desenvolvemento das manifestacións artísticas de Galicia, dentro e fóra dela”.

A Academia, para o cumprimento deses fins, propónse fomentar a investigación e a práctica das artes de Galicia; realizar e publicar investigacións arredor da arte de Galicia, dentro e fóra dela, así como catálogos, biografías, dicionarios e calquera outra clase de medios de estudo e difusión que poidan contribuír a enaltecer a riqueza artística de Galicia; velar pola conservación, valoración e difusión da riqueza monumental e artística de Galicia en canto estea ao seu alcance e na forma que requira cada caso; promover exposicións públicas, convocar concursos, organizar conferencias, cursos, concertos musicais e calquera outra manifestación artística.



A Real Academia Galega de Belas Artes depende da Xunta de Galicia e está constituída por catro categorías de Académicos: Numerarios, Correspondentes, Honorarios e Supernumerarios.

Terceiro.- Co gallo da celebración do Ano Santo, a Real Academia Galega de Belas Artes propón que se inclúan na programación dous proxectos complementarios que reflexan a composición e intereses defendidos desde a institución da entidade. Dado que na Academia únense creadores e estudosos da cultura, propoñen unha dobre liña de análise, unha desde a reflexión teórica, e outra práctica desde a creación.

Ambos os dous proxectos teñen como fío condutor, común, a súa vinculación co Camiño, a cultura e a visibilidade e defensa do patrimonio galego.

Cuarto.- A celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2021 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional dos Camiños de Santiago e da propia Comunidade, e leva aparelado un amplo despregamento de actuacións en distintos ámbitos.

A organización deste evento supón a planificación, programación e desenvolvemento de actuacións en materia de cultura, educación, turismo, sanidade, protección civil, patrimonio, infraestruturas, etc.

Aos efectos de organizar o Xacobeo 2021 elaborouse un Plan Estratéxico. No mesmo sinálase a importancia deste Xacobeo, e a intención de aproveitar este fito para organizar unha conmemoración excepcional, un Xacobeo único e diferente. A distancia temporal co anterior, celebrado en 2010, que podería supor unha certa desconexión ou mesmo descoñecemento por parte da poboación máis nova, fai necesario devolver a ilusión sobre o que significa un acontecemento destas características e mobilizar a cidadanía para que conecte de novo co espírito do Xacobeo.

O Xacobeo constituirá, ademais, unha oportunidade única para crear comunidade local, cohesión e sentimento de orgullo entre as galegas e os galegos. En resumo será celebración, pero concibida tamén como oportunidade para trazar o camiño da Galicia da próxima década. Un acontecemento memorable que busca deixar a súa propia pegada. Será, ante todo, un Xacobeo pensado para que perdure o seu legado coa vista posta no vindeiro Ano Santo, o de 2027.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

